



O Ensanche

SEMANA SOCIAL E CULTURAL

OFERTA DE ACTIVIDADES PARA CELEBRAR O PRIMEIRO ANO DE APERTURA

DO 31 DE MARZO AO 5 DE ABRIL

Luns 31

10.00 a 14.00 h e de 17.00 a 20.00 h

O traballo con asociacións no 2007

Xornada dedicada ao encontro e presentación das asociacións que traballaron durante 2007, desenvolvendo a súa labor en O Ensanche.

Desenvolvemento da xornada:

10.00 a 14.00 h

Galería de asociacións

17.00 a 20.00 h

Galería de asociacións

17.30 a 19.30 h

Valorando a colaboración

Posta en común: asociacións, técnicos e responsabeis políticos.

20.00 h

Inauguración da Semana Social e Cultural

20.15 h

Actuación de música coral

Coro Sta. Susana

Martes 1

18.30 h

Contacontos

Paula Carballeira

19.00 h

Non se che faga tarde

Monólogo de Inés Cuadrado

Mércores 2

18.30 h

De cantar e de contar

Sesión de animación con contos e música a cargo de Antón Castro e Antón Reigosa.

Xoves 3

17.30 a 20.00 h

Xadrez e enxeño

Encontro de Xadrez e xogos de enxeño. Partidas simultáneas, coa participación do primeiro mestre internacional de Xadrez, Diego Suarez Pousa.

19.30 h

Inauguración de *Tras o espello*

Exposición do ilustrador Xosé Tomás.

20.30 h

Concerto de autor Revelando Voces

Loli Nogueira

Venres 4

18.00 h

365 imaxes en O Ensanche

Videoproxección do traballo realizado durante o primeiro ano en O Ensanche.

16.30 a 21.00 h

Tortas e tortillas

Concurso gastronómico.

Solicita as bases de participación en O Ensanche.

Sábado 5

10.30 a 13.30 h e de 17.30 a 20.30 h

Torneo de Warhammer Fantasy

Celebración do troneo de rol Warhammer Fantasy ao longo de toda a xornada. As partidas estarán acompañadas de talleres de pintado de miniaturas e exhibición doutros xogos de rol.

Consulta as bases de participación en O Ensanche.

Entidades colaboradoras

Asociación de Veciños Raigame, Auditorio de Galicia, Librería Zónulacatro e Universidade de Santiago de Compostela.



O Ensanche

CATÁLOGO DE SERVICIOS

OFERTA DE SERVICIOS HABITUAIS PARA A CIDADANÍA

NO BARRIO Á TÚA DISPOSICIÓN

O Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal O Ensanche é un recurso que traballa a prol da dinamización e da participación da cidadanía no ámbito de Compostela, integrando sociocomunitarios pertencentes ao Concello, así como da Fundación Caixa Galicia e a Deputación da Coruña.

Co obxectivo de ser axente incentivador do lecer e dos proxectos cidadáns, pomos á súa disposición un equipamento adaptado ás novas necesidades no ámbito sociocultural, nun espazo céntrico e confortábel.

Servizos

Punto de acollida e información

Información e orientación sobre servizos e actividades do centro e doutros externos.

Departamento sociocultural

Servizos de mediación e dirección para a produción, xestión de espazos e organización de programas e proxectos socioculturais de interese para o barrio e a cidadanía. Atención a persoas individuais e colectivos. Conta cunha área especializada en iniciativas no eido da arte e cultura.

Departamento de Xuventude

Canaliza a política municipal para a mocidade e ten como eixes de actuación a promoción do asociacionismo xuvenil e a dinamización sociocultural. Desenvolve iniciativas propias dirixidas ao sector, así como outras que xorden desde os propios colectivos, cun labor de apoio e asesoría técnica, establecendo as correspondentes liñas de axuda.

Biblioteca Fundación Caixa Galicia

Espazo de promoción da lectura dedicado á literatura infantil e xuvenil. Conta con servizo de préstamo dun amplo catálogo de fondos en galego. Ademais, organiza obradoiros, cursos, visitas escolares, exposicións, etc.

Unidade Básica de Atención Social

Servizo comunitario da Concellería de Benestar Social e Muller que desenvolve accións preventivas, asistenciais e rehabilitadoras para mellorar a calidade de vida da cidadanía. Ofrece información, asesoramento técnico, e acompañamento ás persoas, familias e colectivos para facilitar o seu acceso aos recursos sociais pertinentes.

Rexistro Auxiliar do Concello

Rexistro e entrada de documentos que teñan como destinatario o Concello de Santiago.

Recursos

Área de novas tecnoloxías

Servizo integrado de novas tecnoloxías para a consulta, a formación non regulada, e traballo individual e en grupo que conta con 14 postos informáticos de uso libre.

Sala de usos múltiples

Espazo reservado para proxeccións, exposicións audiovisuais, conferencias e outros eventos. Capacidade para 100 persoas.

Sala de xuntanzas

Espazo de reunión con capacidade para 16 persoas.

Área Wifi

Rede de acceso a Internet sen fíos para a conexión simultánea de até 25 usuarios-as dende calquera lugar do edificio.

Área de uso expositivo

Espazo para acoller mostras expositivas.

Espazo público de proxeccións

Dispositivo de proxección continua de audiovisuais. Ideal para a exhibición de videocreacións. Consulta dispoñibilidade.

Máquina tickets

Dispositivo habilitado para a impresión de entradas adquiridas a través do servizo de entradas Caixa Galicia no tel. 902434443 ou www.caixagalicia.es.

Zonas de uso libre e polivalentes

O edificio conta con diferentes espazos dedicados á lectura, xogos, estudo, etc.

Horarios

Atención ao público

Luns a venres: 10.00 a 14.00 h. e 16.30 a 21.30 h.
Sábado: 10.00 a 13.30 h. e 17.00 a 21.00 h.

Biblioteca Fundación Caixa Galicia

Luns a venres: 16.30 a 20.30 h. Sábado: 11.00 a 14.00 h.
Tel.: 981 593 467 bibliofundacion@caixagalicia.es

Unidade Básica de Atención Social

Información: luns e xoves de 9.00 a 14.00 h.
Cita previa no 981.564.571.

Rexistro auxiliar do Concello

Luns a venres: 9.00 a 14.00 h.